

BBVA ABSORBE A PAGA DE BENEFICIOS DO CONVENIO PARA DARLLA AO PRESIDENTE E AO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN

O incremento de beneficios do BBVA deste 2017 superou o 30%, activando deste xeito o Art. 23 do Convenio Colectivo, polo que corresponde o abono dun cuarto de paga. **Deste xeito, todo o persoal de BBVA percibirá 18,75 pagas, grazas ao Convenio asinado por CCOO.**

Segundo BBVA, a Política de compensación... “ten como obxectivo recompensar a achega de resultados tanxibles...” e baséase na transparencia e a equidade, e é por isto polo que o banco decidiu absorber este cuarto de paga a todo o persoal, **restándoo do BONUS** de 2017 que se abona en febreiro, **mostrando así un desprezo absoluto polo esforzo persoal dos seus traballadores e traballadoras.**



Estes mesmos beneficios que a ti che restan, recompensanllos ao Presidente de BBVA con 5,79 millóns de euros en 2017, o que supón que percibirá un 17,6 % máis que o ano anterior e aos 15 membros do seu Consello de Administración, que percibiron unha remuneración conxunta de 16,5 millóns, un 13,7% máis. De todos eles, o Conselleiro Delegado, gañou 4,8 millóns, o que representa un ascenso do 10%.

Esta decisión unilateral confirma o que sempre manifestamos dende **CCOO**:

- **O bonus** non é máis que **salario gaseoso**, que depende unicamente do capricho da empresa e do responsable de quenda, con criterios totalmente subxectivos, e con absoluta falta de rigorosidade e seriedade. Que non che enganen, ao final cobrarás o que eles queiran e se é que queren!
- O banco vende aos catro ventos o seu sistema de retribución voluntaria como algo fantástico, mentres **obriga ás súas traballadoras e traballadores a realizar miles de horas extras sen remunerar**, defraudando a Facenda e á Seguridade Social, co argumento da súa compensación coa devandita retribución.
- Con este comportamento amosan a súa falta de seriedade e compromiso co sufrido persoal, deixando ao **descuberto as súas manipulacións e as súas mentiras**.
- Lembra que **o banco conquistou os seus beneficios grazas ao esforzo e o sacrificio de todo o persoal**, recortando agora a nosa compensación, sen causa que o xustifique, salvo a desmesurada cobiza dos seus dirixentes, mentres eles recompénsanse amplamente.

Demóstrase unha vez máis que **sóamente o pactado en Convenio Colectivo ou Acordos de Empresa ten valor, solidez e futuro**, que é polo que apostamos en **CCOO**.

QUE NON CHE VENDAN FUME!

Febreiro 2018